

2º Ciclo de Educación Infantil-Lingua estranxeira Inglés

Centro : CPI Xanceda, Mesía.

Localidade: Mesía **Provincia:** A Coruña

Composición do departamento de Linguas Estranxeiras Infantil e Primaria

Eva María Millón Pintos

Distribución do alumnado

Nivel	Nº de Alumnas/o
4º de Educación Infantil	10
5º de Educación Infantil	12
6º de Educación Infantil	10

O nivel estará distribuído en dous grupos

1- 4º e 5º de Educación Infantil

2- 5º e 6º de Educación Infantil

INTRODUCCIÓN

Neste século a maioría das sociedades, incluída a nosa, son multiculturais e multilingües. O noso país como membro da Unión Europea, debe promover a aprendizaxe doutras linguas, preparando aos máis novos para unha sociedade respectuosa e plural.

Esta programación foi deseñada segundo as directrices do nos currículo 330/2009 e tendo en conta o máis importante documento de referencia na ensinanza e aprendizaxe das linguas en Europa o Marco Común Europeo de Referencia. Este documento foi establecido, polo Consello de Europa, como a parte principal do proxecto “ Language

Learning for European Citizenship” . Está baseado na adquisición da competencia comunicativa enfatizando o desenvolvemento da conciencia intercultural no alumnado. Na educación infantil, o estudo da Lingua estranxeira terá como meta a familiarización coa nova lingua e a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e significativas para os nenos e as nenas. Ademais tamén trataremos de :

- Promover a tolerancia , a cooperación e o respecto entre a comunidade educativa e máis alá dela.
- Contribuir ao desenvolvemento Persoal , social e académico dos estudantes.
- Fomentar o desexo de aprender desenvolvendo estratexias que garantan o sea desexo de aprender ao longo de toda a vida (aprender a aprender).
- Axudarlles a adquirir un pensamento crítico e habilidades para solventar problemas de todo tipo.

Para facer a Nosa práctica docente máis productiva e motivadora, a integración das TICs estará presente en cada unidade (competencia dixital) xa que hoxe en día xoga un papel determinante na vida do noso alumnado.

Todos estes aspectos serán centrais nesta programación pero sen esquecer que debemos “ deixar que sexan nenos e nenas” é dicir tendo en conta os seus gustos, preferencias , ritmos de aprendizaxe ...Como conseguimos isto?

Facilitando actividades motivadoras, con materiais diversos e personaxes cercanos a eles, que os axuden a usar a lingua para levar a cabo tarefas significativas.

Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira a unha idade tan temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice do xeito lúdico e estimulante que prepare ao estudante para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade. As nenas e menos que teñan este contacto cunha lingua estranxeira na etapa de infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo na faceta auditiva e de pronunciación)que lles axudará ao longo da súa etapa estudiantil.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira está considerado un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grado de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do inglés cos obxectivos propostos polo Lei Orgánica 2/2006 do 3 de Maio.

OBXECTIVOS DE ETAPA

O Decreto 330/2009 do 4 de Xuño que establece o currículo de infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, distingue como finalidade esencial a contribución esta etapa ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e nenos. Sinalando que nesta etapa se atenderá progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Do mesmo xeito que se potenciará a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non violencia en todos os ámbitos da vida, así como o crecemento da igualdade entre homes e mulleres.

Os obxectivos fundamentais da Educación Infantil son:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades cotias.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social , así como na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes línguas e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura e no movemento, no xesto e no ritmo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Ao finalizar a etapa, as nenas e nenos serán quen de:

- Mostrar una aactitude positiva e respectuosa de cara a lingua inglesa, de cara a cultura anglosaxona e outras culturas diferentes a súa.
- Recoñer os aspectos sonoros, rítmicos e de entonación do inglés.

- Comprender as formulas básicas de interacción social: Saúdos, fórmulas de cortesía...
- Coordinar e utilizar os trazos básicos de preescritura.
- Utilizar recursos non lingüísticos para comprender e hacerse comprender: Técnicas plásticas, mimo...
- Mostrar comprensión do vocabulario mediante as respostas física, xestos e expresións.

AS COMPETENCIAS CLAVE

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da *competencia en comunicación lingüística* de xeito directo. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua ou mesmo outras linguas nas que o neno ou nena se ve en contacto.

A achega da lingua estranxeira ó desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da *competencia para aprender a aprender* posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cidadá*. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa *competencia en tratamento da información e competencia dixital*. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e o uso destas ferramentas contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais

propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a *competencia artística e cultural* xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística e literaria de dita cultura.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da *competencia en autonomía e iniciativa persoal*, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a *Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico* e a *Competencia matemática* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

3. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN.

1. Relacionar o significado de palabras en lingua estranxeira con imaxes.
2. Captar o sentido global de sinxelas mensaxes orais emitidos en lingua estranxeira.
3. Mostrar interese por participar en diversas situacións de comunicación oral utilizando sinxelas estruturas lingüísticas en lingua estranxeira.
4. Recitar sinxelas cancións (nursery rhymes, poesías, chants ...) coa adecuada entoación e expresividade, e mostrar interese polos aspectos socioculturais que transmiten.
5. Mostrar tolerancia e respecto cara á diversidade cultural e social manifestando interese por coñecer as tradicións e costumes propios da cultura galega, así como as doutros países.
6. Segmentar a linguaxe oral con conciencia léxica, silábica e fonética, na lingua materna e lingua estranxeira, así como discriminar auditivamente as diferenzas fonéticas da linguaxe oral.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR NIVEL

3 ANOS

Saudar e despedirse en inglés. Identificar algunhas cores.

Recoñecer e nomear algúns obxectos da clase.

Recoñecer e nomear algunha dependencia ou obxecto da casa.

Identificar e nomear algún membro da familia.
Familiarizarse co vocabulario do Nadal.
Recoñecer e nomear partes do corpo.
Recoñecer e nomear algunha personaxe do Entroido.
Recoñecer e nomear alimentos. Recoñecer e nomear animais domésticos.
Identificar e nomear algún medio de transporte.
Identificar e nomear algunhas pezas de vestir estivais.
Comprender e seguir instrucións sinxelas en inglés.
Respectar as normas de comportamento na clase.
Mostrar comprensión mediante resposta física.
Comprender globalmente un conto sinxelo.
Respectar as regras dos xogos.

4 ANOS

Saber saudar e despedirse en inglés.
Recoñecer e nomear obxectos da clase.
Recoñecer e nomear algunha dependencia ou obxecto da casa.
Identificar e nomear algún membro da familia.
Familiarizarse co vocabulario do Nadal.
Recoñecer e nomear partes do corpo.
Identificar e recoñecer algúns oficios.
Recoñecer e nomear algunha personaxe do Entroido.
Recoñecer e nomear alimentos.
Recoñecer e nomear animais domésticos e salvaxes.
Identificar e nomear algún medio de transporte.
Identificar e nomear algunhas pezas de vestir estivais.
Comprender e seguir instrucións sinxelas en inglés.
Respectar as normas de comportamento na clase.
Mostrar comprensión mediante resposta física.
Comprender globalmente un conto sinxelo.
Respectar as regras dos xogos.

5 ANOS

Saber saudar e despedirse en inglés.
Saber responder cando lle preguntan o seu nome.
Contar ata 10 en inglés.
Recoñecer e nomear os obxectos da clase.

Nomear algúns membros da familia.
 Identificar e nomear algunhas partes do corpo.
 Identificar e recoñecer algúns oficios.
 Identificar e recoñecer formas xeométricas.
 Identificar alimentos e dicir os que lle gustan e os que non.
 Recoñecer e nomear algúns medios de transporte.
 Identificar e nomear algúns animais (domésticos e salvaxes)
 Familiarizarse co vocabulario do Nadal.
 Participar en cancións mediante accións.
 Respetar as normas de comportamento na clase.
 Mostrar comprensión de instrucións orais mediante unha resposta física.
 Respetar as regras dos xogos.

5. ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS POR NIVEL

3 ANOS

UNIDADE DIDÁCTICA	TEMPORALIZACIÓN	LENGUAXE ACTIVA	LENGUAXE RECEPTIVA
1. Introduction	Setembro	Hello. Goodbye. Big/Small	What's your name? Please/Thank you. Let's + verb (make a circle, sleep).
2. My class and school.	Outubro	Yes, no. Red/green. circle Happy / sad. Fine.	What's the weather like today? How are you today? Who's missing today? Stand up / sit down / turn around. Come here, please. Be quite, please. Look / Listen.
3. My family. Halloween.	Outubro Novembro	Boy- girl.. Mummy/ Daddy.	This is my.... Who's this?

		Blue / Yellow.	I've got...
		Candle/pumpkin.	Have you got a...?
		Numbers:one, two, tree.	
4. At home.	Novembro	Television, sofa,	What's this / it?
Christmas.	Decembro	phone.	This is / It's is a/ an...
		Window, door.	This is the...
		Present/toy.	Merry Christmas.
		Father	We wish you a merry Christmas.
		Christmas/Santa.	
		Christmas Tree.	
5. My body	Xaneiro	Parts of the body:	Touch your...
		Head, eyes, nose,	Move your...
		mouth, ears.	Shake your ...
			Hold hands.
			Up / down.
6.Jobs. Carnival	Xaneiro	Jobs: doctor,	What is he/she wearing?
	Febreiro	fireman, teacher.	Who's wearing ...?
		Clothes: trousers,	I like Carnival.
		T-shirt, hat, shoes.	Can you guess?
		Fancy dress.	Does (a farmer) drive(an ambulance)?
		Masks.	I haven't got.
7.Food.Easter.	Marzo	Food: banana,	I like + noun.
	Abril	apple, pear,	I don't like + noun.
		sandwich.	Do you like...?
		Orange.	I prefer...
		Easter egg/rabbit.	
8. Animals	Abril	Animals: Dog, cat,	What's this?
	Maió	duck, cow, hen.	What is it?
		Numbers: 1-5.	It's a/an...

9. Summer: travelling Xuño
and beach.

Bus, car, bike.
Hot, sunny.
Sandals, Beach.

What colour is it?
Is it big or small?
It's big/small.
What are these?
These are...
Put on your ...
Take off your ..
Plane, boat.

4 ANOS

UNIDADE DIDÁCTICA

TEMPORA- LIZACIÓN

LENGUAXE ACTIVA

LENGUAXE RECEPTIVA

1. Introduction

Setembro

Hello.
Goodbye.
My name is...
Boy/Girl

What's your/her/his
name?
Who's + doing
something?
Somebody is +
doing something.
I will throw the
balloon to...
Who will you throw
the balloon to?
Come here, please.
Stand up.
It's your turn now.
Guess who.
Up, down.

2. My classroom and Outubro
school.

Yes, no.
It's hot/cold/sunny/
raining/
windy/cloudy.
Bag, table, chair,
pencil, crayon, book.
Happy / sad.

What's the weather
like today?
How are you today?
Who's missing
today?
Stand up / sit
down / turn around.

		Fine.	Come here, please.
		Numbers: 1 -5.	Be quite, please.
		Colours: red, yellow, green, blue.	Look / Listen.
			Are you ready for ...?
			What colour is it?
3. My family.	Outubro	Mummy / Daddy.	This is my....
Halloween.	Novembro	Brother / Sister.	Who's this?
		Tall / Short.	I've got...
		Play.	Have you got a...?
		Candle/pumpkin.	
4. At home.	Novembro	Bedroom.	What's this / it?
Christmas.	Decembro	Bathroom.	This is / It's is a/ an...
		Kitchen.	This is the...
		Living-room.	Merry Christmas.
		Garden.	We wish you a merry Christmas.
		Present/toy.	
		Father Christmas.	
		Christmas	
		Tree/star.	
		Christmas card.	
5. My body	Xaneiro	Body.	Touch your...
	Febreiro	Head/shoulder/ knees and toes.	Move your...
		Ears/eyes/nose/ mouth.	Shake your ...
		Boy/girl.	Hold hands.
			Up / down.
			Wash your face / hands.
			Brush your hair / teeth.
6. Jobs. Carnival	Xaneiro	Jobs: doctor,	What is he/she wearing?
	Febreiro	fireman, farmer, policeman, teacher,	Who's wearing ...?

		gardener.	I like Carnival.
		Clothes and accessories: skirt, trousers, T-shirt, hat, glasses, shoes.	Can you guess? Does (a farmer) drive (an ambulance)?
		Fancy dress/ Masks.	Who does this job? I haven't got.
7. Food. Easter.	Narzo Abril	Food: apple, orange, sandwich, milk, juice. Chocolate/basket/ rabbit/Easter egg.	I like + noun. I don't like + noun. Do you like...? . Which is your favourite food? Can I have a/an/some ...? There is a... There are some...
8. Animals	Abril Maio	Wild animals: Lion, tiger, elephant, giraffe. Farm animals: dog, cow, duck, horse, hen. Pets: dog, cat, tortoise, fish.	Where does (any animal) live/eat? What does (any animal) do? Which sound does (an elephant) make?
9. The summer: travelling and beach.	Xuño	Bus, car, bike, plane, boat, Ride, drive. Sandals. Beach. Hot/sunny.	What are these? These are... Put on your ... Take off your ... Swimsuit, sunglasses.

5 ANOS

UNIDADE

TEMPORA-

LENGUAXE

LENGUAXE

DIDÁCTICA	LIZACIÓN	ACTIVA	RECEPTIVA
1. Introduction	Setembro	<p>Hello.</p> <p>Goodbye.</p> <p>My name is...</p> <p>Well done!</p> <p>Fine.</p>	<p>What's your/her/his name?</p> <p>Who is + doing something?</p> <p>Somebody is + doing something.</p> <p>Come here, please.</p> <p>Stand up.</p> <p>It's your turn now.</p> <p>Guess who.</p> <p>Up, down.</p> <p>How are you today?</p>
2. The classroom and school	Outubro	<p>Yes, no.</p> <p>It's sunny/raining/windy</p> <p>/cloudy.</p> <p>Bag, table, chair, pencil, crayon, book.</p> <p>Happy / sad.</p> <p>Fine.</p> <p>Toilet, classroom, playground, vegetable garden.</p> <p>Numbers 1 – 5.</p>	<p>What's the weather like today?</p> <p>How are you today?</p> <p>Who's missing today?</p> <p>Stand up / sit down / turn around.</p> <p>Come here, please.</p> <p>Be quite, please.</p> <p>Look / Listen.</p> <p>Are you ready for ...?</p> <p>What's in/out/on/under something?</p> <p>What day is it today? Monday, Tuesday, Wednesday, Thursday, Friday, Saturday and</p>

			Sunday. Who's the helper today? Let's count the children.
3. The Family. Halloween.	Outubro Novembro	Mummy / Daddy. Brother / Sister. Baby Grandmother / Grandfather. Tall / Short. Go to the park/go shopping. Candle/pumpkin/witch.	This is my.... Who's this? I've got... Have you got a...?
4. At home. Christmas.	Novembro Decembro	Rooms: Bathroom, bedroom, kitchen, living room, sitting room, garden Door, window. Present. Father Christmas/ The Three Wise Men. Christmas Tree. Christmas card. Christmas ball. Stars.	What's this / it? This is / It's is a/ an... This is the... Merry Christmas. We wish you a merry Christmas.
5. My body	Xaneiro Fevereiro	Body parts: head, foot, ears, eyes, nose, mouth. Boy/girl.	Touch your... Move your... Shake your ... Hold hands. Up / down.

			Clap your hands. Click your fingers. Blow your nose.
6. Jobs. Carnival	Xaneiro Febreiro	Jobs: doctor, fireman, farmer, policeman, teacher, gardener. Clothes and accessories: skirt, trousers, T-shirt, hat, glasses, shoes. Fancy dress. Masks.	What is he/she wearing? Who's wearing ...? I like Carnival. Can you guess? Does (a farmer) drive (an ambulance)? Who does this job? I haven't got. Who are you? I'm a/am Let's dress up.
7. The food.Easter.	Marzo Abril	Vocabulary about food: banana, apple, orange, sandwich, meat, fish, milk, juice. Chocolate/basket/ Rabbit/ Easter egg.	I like + noun. I don't like + noun. Do you like...? I prefer... Which is your favourite food? Can I have a/an/some ...? There is a... There are some... Are there any...? How much is it?
8. Animals	Abril Maio	Wild animals: Lion, tiger, elephant, giraffe. Farm animals: dog, cow, duck, horse, hen.	Where does (any animal) live, eat? What does (any animal) do? Which sound does

		Pets: dog, cat, tortoise, fish.	(an elephant) make? Is it wild/domestic animal?
9. The summer: travelling and beach.	Xuño	Transports: Bus, Car, bike, plane, boat. Sun cream. Swimsuit, sunglasses, sandals. Beach. Hot/sunny.	What are these? These are... Put on your ... Take off your ... What can you see? Drive/ride.

6. METODOLOXIA

A unha idade temperá, a segunda lingua adquirese dunha forma similar á lingua materna. A metodoloxía en infantil baséase e apóiase directamente nas características da adquisición da primeira lingua, que son as seguintes:

- A.- A adquisición da lingua desenvólvese ao mesmo tempo que a aprendizaxe intelectual, físico, emocional e social.
- B. -O uso da lingua ten un propósito, un fin.
- C. -Os nenos desenvolven a súa capacidade de escoitar outro idioma e expónselles a el, pero non se lles presiona para que falen.
- D. -A adquisición de vocabulario mediante a técnica de repetición.

De igual forma ao neno preséntaselle e escoita o inglés en contextos comunicativos familiares e próximos ao seu mundo, sempre coa finalidade de comprender para facer. En referencia á comprensión oral temos que destacar o uso de cancións e chants que motivan aos nenos, crean un ambiente agradable para a aprendizaxe e teñen moita repetición para axudarlles a comprendelos e memorizalos. Facilítaselles a memorización con apoio visual, efectos sonoros, mímica e accións ilustrativas por parte do profesor/a. Os nenos/as participan imitando estas accións e xestos, sinalando debuxos ou facendo representacións.

Polo que respecta á produción oral, pónselles en situacións nas que poidan empezar a dicir palabras en inglés. Trátase de que produzan palabras soltas (red, yes, one, dog...) ou expresións comúns como Hello, bye bye ou Merry Christmas.

Tamén é moi importante respectar o **"silent period"** e darlles a oportunidade de falar

en inglés sen que se sintan obrigados a repetir. Xa que a súa tendencia natural cando se lles pregunta é a de contestar na súa lingua materna, é moi útil reformular a súa resposta en inglés.

Outro tipo de actividades que contribúen a desenvolver a comprensión oral son a actividades tipo TPR (*Total Physical Response*) xa que a profesora dá unha instrución e os nenos/as responden de forma non verbal facendo os xestos ou accións apropiadas.

Dentro das actividades que contribúen a desenvolver a comprensión oral hai unha ampla gama de actividades lúdicas (xogos) que se realizan con movemento (en círculo, con música, camiñando, en fila...) e xogos nos que se utilizan os materiais que se elaboraron previamente.

Xa que o que se pretende é desenvolver a comprensión oral dos alumnos faise imprescindible o uso do inglés como medio de comunicación no aula.

Debido a que as aulas serán mixtas adaptaremonos aos ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a dun xeito máis específico.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tomando como base o Decreto 229/2011 atenderemos aos nosos alumno e alumnasm sempre tendo en conta o seu nivel e o proceso de aprendizaxe, adoptando as medidas oportunas en función das súas necesidades. Destacar neste sentido a presenza dun ACNEAE polo que seguiremos, en todo momento, as pautas marcadas dende o departamento de orientación. Habendo ,incluso en momentos puntuais ,o apoio que fora necesario dentro da aula.

A organización temporal das actividades, así como o tempo de resposta de cada neno e nena caracterízase por unha axeitada flexibilidade,adaptándose ao ritmo de aprendizaxe en todo momento.

Propóñense actividades con diferentes graos de consecución e realización (Reforzo e Ampliación)

Utilizaremos diversos procedementos e instrumentos de avaliación.

A programación será flexible en todo momento para dar resposta inmediata as necesidades que vaian xurdindo.

7. RECURSOS MATERIAIS

Os recursos empregados son altamente motivadores para esta etapa. Fáisenos imprescindible o uso da marioneta, que serve como elemento práctico para crear diálogos, introducir temas e actividades, atraer a atención e ata pedir silencio ou marcar

o uso dalgunhas rutinas. Outro recurso imprescindible é internet con todas as cancións, chants e gravacións necesarias para o curso. As Flashcards ou tarxetas de vocabulario son moi útiles para presentar palabras novas, repasalas ou facer algúns xogos. Os póster axudan a reforzar o vocabulario da unidade que se traballa nese momento. Outros materiais de gran importancia son os contos, ordenador,...etc.

8. ORGANIZACIÓN ESPACIAL E TEMPORAL

As estruturas das leccións divídense en tres partes: ***Circle time, Table time and Play time***. Esta estrutura serve para establecer unha rutina, algo moi importante para os nenos pequenos, e ao mesmo tempo garante un cambio na dinámica da clase e na forma de traballar.

No *Circle Time* os nenos/as, nun gran grupo, sentanse en corro e aprender a escoitar e responder de forma non verbal ou verbal. É unha sección que require moita concentración do neno/a pois serve para repasar ou presentar novo vocabulario por medio de chants, cancións, actividades tipo TPR, diálogos ...etc.

No *Table Time* os nenos/as traballan individualmente seguindo as instrucións do profesor en inglés. Aquí repasan o que que viron en Circle Time a través de actividades estimulantes e creativas a realizar, na maioría dos casos, en fichas fotocopiáveis. Estas actividades reforzan os conceptos e destrezas que xa aprenderon. Ao finalizar esta sección o profesor recolle os traballos para entregarllos xuntos ao final do trimestre. Esta parte da lección só se realiza naqueles casos que se crea conveniente, xa sexa ao finalizar unha unidade, a modo de avaliación individual ...etc.

Durante o *Play Time* realízanse actividades máis distendidas ou con máis movemento, tales como xogos musicais, xogos en círculo, xogos de acción tipo TPR...etc, sempre controlados polo profesor e co obxectivo de reforzar a linguaxe clave. Adóitanse realizar en pequeno ou gran grupo.

Nalgúns casos pódese realizar algunha actividade extra, normalmente manualidades que os alumnos elaboran para o seu propio uso ou para expoñer en clase.

9. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos de avaliación:

Observación directa.

Análise de tarefas e actividades encomendadas.

Participación en clase.

Procedementos de avaliación:

- Avaliación inicial, que nos informase do nivel madurativo do neno, o grado de desenvolvemento das súas capacidades e o nivel de coñecementos que traen cando chegan á escola.
- Avaliación continua, que se realizará ao longo de todo o proceso de aprendizaxe dos alumnos e permitiranos orientar, adaptar e corrixir de modo sistemático o proceso educativo.
- Avaliación final, dáanos a coñecer e a valorar os resultados conseguidos polo alumno ao finalizar o proceso aprendizaxe respecto das capacidades indicadas nos obxectivos xerais.

10. ACTIVIDADES TIPO.

- Xogos.
- Actividades de Resposta Física Total. T.P.R
- Dramatizacións.
- Cancións e rimas.
- Contos ilustrados.
- Creación de manualidades e xoguetes para usar na clase de inglés con instrucións en inglés.
- Talleres.
- Para responder ás necesidades de cada alumno/a realizaranse actividades de diferentes tipos:
 - Revisión e fichas dos contidos, talleres, xogos, cancións, ...que reforen ou amplíen os contidos traballados en cada unidade didáctica.

11. VALORACIÓN ENTRE O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Ao finalizar cada unidade didáctica realizarase unha valoración que permita analizar o grao de consecución dos obxectivos programados, as dificultades atopadas no desenvolvemento das distintas actividades, a coherencia entre os distintos elementos do currículo, así como o nivel de complexidade das unidades para as características do grupo-clase. Esta análise permitirá introducir as modificacións oportunas.